



# Micropoemas e microrrelatos

CEIP PLURILINGÜE DE OCA  
XUÑO 26

---

**01**

Micropoemas.

**02**

Microrrelatos.

**03**

Debuxos.

**04**

Gañador@s de  
micropoemas.

**05**

Gañador@s dos  
microrrelatos.

**CONTIDO**

---

01

# MICROPOEMAS

---

*O grilo Trilo  
de noite cantaba  
e moi ledo saltaba  
cando contento estaba.*

*Ao señor Antón  
gustáballe un montón  
porque era un xoguetón  
e con Trilo bailaba.*

*Xiana Pereiras Vila.  
2º primaria.*

O gatiño e o canciño  
foron ao recreo.  
Despois foron de paseo  
e atopáronse cun ratiño.

Co ratiño Antón,  
que é moi xoguetón,  
chegou a noite axiña  
porque enredaron un montón.

Eloi Couto Pazos.  
2º primaria.

*Coballiñas pequeniñas  
Bailando na noite.  
Cousiñas peludiñas  
Brincando xuntiñas!*

*Allegra Vázquez Fernández  
3º primaria.*

*Nunha noite estrelada,  
baixo o bico da lúa,  
sentín a alma xeada  
polo frío da rúa!*

*Quen fose luz dunha estrela  
para alumar o camino!  
Quen fose un raio de Sol  
para sentirse quentiño!*

*María Duro  
Gañete  
3º primaria*

# A NOITE E O DÍA

*Cando chega a noite,  
A lúa leva unha capa de prata.  
Cando chega o día,  
o Sol ensínalle o seu sombreiro de ouro.  
O Sol amósase fachendoso,  
Mentras a lúa reina nun ceo fermoso!*

*Erea Bernárdez González.  
4º primaria.*

# UNHA NOITE MÁXICA

*Nunha noite fría e escura  
Cando cantaba a curuxa,  
unha pequena fada  
coñeceu a unha bruxa.*

*Toda a noite bailaron as  
dúas,  
pois esta bruxa feiticeira,  
ademáis de meiga,  
era moi rebuldeira!*

*Lía Gigirey Reimóndez  
4º primaria.*

*O neno dorme de noite  
soña coas estrelas,  
coa súa amiga encontrase  
cos monstros viven pelexas.  
Cando gaña aos monstros  
o neno esperta,  
entre asustado e alegre  
a nai dalle unha aperta.*

*Elvira Valiña Sainz  
5º primaria.*

# FÚTBOL POLA NOITE

*Unha noite no campo  
xogaban uns nenos,  
o balón ia e viña  
baixo mil ceos.*

*Rematado o primeiro tempo  
os árbitros marcharon,  
mentres risas e soños  
no campo quedaron.*

*Enzo Castro Fernández  
5º primaria.*

*Unha fermosa e estrelada  
noite,  
co meu can atopei un balón,  
paseando polo monte,  
alí xuntos xogamos un  
montón.*

*Cando volvemos pra casa ,  
miña nai berroume,  
por chegar tan tarde ,  
pero logo perdonoume.*

*Jose Couto Gándara.  
5º primaria.*

*Pola noite quería cantar  
pero miña nai non me quería  
deixar,  
de tantas ganas de cantar  
doume ganas de mexar.*

*De tanto tolear  
xa non sabia como ía acabar,  
O final miña nai quería-me  
castigar  
pero eu non me ía deixar.*

*Adrián Albela Gao.  
5º primaria.*

*Na noite traballan os tractores ,  
coma xigantes no val mollado ,  
abren camiños entre labores  
baixo o lugar calado.*

*Na noite quedan as leiras feitas,  
cheiran a terra e suor honrado ,  
e os soños medran nos colleitas  
que o labrador ten sementado .*

*Mario Couto Gándara.  
5º primaria.*

*Hoxe fun camiñar  
pros meus deberes ir buscar  
se non a miña nai  
íame castigar.*

*Teño que facer todo  
que non fixen  
para miña nai  
non se aburrir.*

*Ían Marco Meira Lissa.  
5º primaria.*

# AO MEU MELLOR AMIGO

*Ti eras o meu mellor amigo:  
ríamos xuntos, bailábamos xuntos,  
soñábamos xuntos.*

*Sen ti, todas as noites e días son fríos.*

*Preciso volver sentir o teu abrigo,  
o calor da túa presenza  
que facía que o mundo tivese sentido.*

*Sara Carballeda Alonso.*

*6º primaria.*

# ESTOU EN BRANCO

*Estou en branco,  
mais o universo non.  
Sempre ten algo que dicirme,  
mais esta vez non.  
As nubes son brancas,  
a neve tamén;  
coma as estrelas da noite,  
que fitan cara o norte.*

*Adrián Cimadevila García*

*6º primaria.*

# NEGRO

*Todo me parece negro, o sol, a lúa e o mar.*

*As cores non as distingo,  
porque todas as vexo igual,  
deprimome o dar-me conta,  
de que non son como os demais.*

*Eles andan alegres, eu ando a chorar,  
as mestras berran-me,  
porque non me sei expresar.*

*As cores non as vexo  
e o mundo fáiseme complexo.*

*Miguel Cimadevila García*

*6º primaria.*

# AMIZADE

*A nosa amizade é infinita  
está tan chea de luz e tan bonita  
digo isto para recordar  
cousas que sempre hai que lembrar.*

*Días e noites infinitas  
sempre repletas de ledicia  
coidaremos sempre a nosa amizade  
cun gran abrazo que perdurará na eternidade.*

*Lara Fernández Louzao  
6º primaria.*

*Adeus, tereiche que dicir,  
Adeus a todos os versos que che adiquei;  
a todas as veces que visitei o teu partir,  
e a todas as que o visitarei.  
Diríache que doeu, pero ti mesmo o podes sentir,  
Nesta noite estrelada do cinco de febreiro,  
recoñezo algo, eu non me quería ir.*

*Candela Penide Martínez  
6º primaria.*

02

# MICRORRELATOS

---

*Había unha vez un monstro azul que vivía no mar e había tamén un coral azul. Pasou por alí un neno nadando e o monstro pensou que era unha serea e decidiu seguir ó neno. Nadando, nadando... o monstro chegou á area e decatouse de que o neno non era unha serea. Así que, volveu ó mar.*

*Aroa Castro Fernández  
1º primaria.*

*Había unha vez dous parrulos que estaban na praia. De repente, zas!  
Apareceu un tsunami e mollou aos parrulos. E despois, zas! Saíu un  
tiburón azul que tiña os ollos verdes e intentou comelos. O tiburón  
enganchou nunha bolsa de plástico e os dous parrulos tiveron tempo de  
escapar e salvarse.*

*André Porto Rodríguez.  
1º primaria.*

*Había unha vez un peixe que vivía no mar. Un día viuse atrapado pola rede dun pescador. Moi nervioso comezou a berrar: “axuda, axuda”. Unha balea que vivía preto de alí escoitouno e decidiu ir a axudalo. Con moita forza tirou da rede e conseguiu rompela. O peixe liberado e a balea nadaron contentos polo mar azul.*

*Xulia Ferreiro Moure.*

*1º primaria.*

*Había unha vez unha balea que vivía no mar. Un día un tiburón con moita fame intentou comer a balea. Unha candorca azul que tiña poderes máxicos e viu o que pasaba, foi salvar a balea.*

*Víctor Domingo Fontán López*  
*1º primaria.*

*Había unha vez un golfiño solto polo mar. Atopouse coa súa amiga a balea e convidouno a comer un delicioso prato de alga azul con salsa rosa.  
Despois de comer o rico manxar foron dar un paseo.*

*Hugo Freire Penas  
1º primaria.*

*Había unha vez un neno nun acuario azul. Foi a ver o xigante tiburón para facerse amigo del. O tiburón, que non quería facer amigos, doulle un golpe ao cristal coa cola e rompeuno. O neno e todos os visitantes tiveron que marchar correndo.*

*Lucas Requeijo Gíao  
1º primaria.*

*Había unha vez un axolote que se chamaba Azul. Un día Azul foi ao mar e encontrouse co seu amigo, o peixe Dourado; e xogaron toda a tarde.*

*Sofía Canicoba Gestoso  
2º primaria.*

*Había unha vez un gato abandonado na rúa. Un día, unha persoa decidiu coidalo e chamoulle Azul. Outro día que foron de paseo atopáronse cun lagarto moi grande que os quixo atacar. De súpeto a persoa colleu a Azul e marchou correndo. E así foi como Azul se salvou daquel lagarto.*

*Eloi Couto Pazos  
2º primaria.*

*Había unha vez un coello chamado Azul e unha cadela chamada Chispa.  
Foron ao río. Fixándose ben pareceulles ver no fondo do río un golfiño Azul.  
Correndo foron a contarllo ao seu amigo o cabalo, pero cando chegaron de volta  
ao río xa non viron nada máis que a auga fresca.*

*Carolina Otero García  
2º primaria.*

*Había unha vez un neno chamado Brais que tiña unha camiseta azul moi bonita. Un día tropezou, caeu e manchou a camiseta de terra. Aínda que intentou lavalala con auga, sacudila, fretala cun cepillo... a súa pobre camiseta seguía manchada. Como xa non sabía que máis facer foi xunto ás súas avoas en busca de axuda. Dona Dina e Dona Cándida explicáronlle a Brais como lavar a prenda no pilón e na lavadora. Pouco despois, a camiseta xa volvía lucir unha fermosa cor azul.*

*Brais Penalta Brey  
2º primaria.*

*Había unha vez un peixe que lle gustaba moito a cor azul, como o mar. Un día saíu á superficie e viu que o ceo tamén era azul. Entón baixou e viu un peixe de cores. Achegouse e díxolle: “mira as miñas cores”. Tíñaas todas menos unha: a azul. Daquela díxolle o peixe azul: “douche unha escama azul se ti me das unha de cores”. Despois o peixe de cores díxolle: “trato feito”.*

*Xiana Pereiras Vila  
2º primaria.*

# O POBO MARIÑO

*Na imaxinación de Erea, unha nena, existía un pobo moi bonito onde reinaban as sereas (como imaxinades, está no fondo do mar). Naquel lugar, a paz sempre estaba presente, grazas a súa barreira de protección. Lía (unha das sereas) saiu pasear lonxe do pobo deixando a cuberta aberta. De súpeto, unha quenlla azul, asomouse e ulisqueando ao seu redor decidiu entrar. Ela decatouse de que algo non ía ben e dou un sinal de alerta. Axiña, a poboación, alarmada ,pechouse nas súas vivendas para protexerse. O animal asustado, decidiu marchar. Lía convertiuse nunha salvadora!*

*Uxía Ferreiro Moure.*

*4º primaria.*

# O MEU POBO

*Tal vez pensades que cada cousa no mundo ten a súa cor. Pois non é así, estades enganados! Chámome Enma, son unha rapaza, común, de dez anos. Vivo nun pobo marabilloso como tantos outros pobos. Pero é un pobo extraño. O seu ceo azul convertiuse en grisáceo! Antes non era así! Hai moito fume, a xente contamina. Non o estamos a facer ben! As estradas están cheas de coches, a xente tira o lixo nas beirarrúas. Non reciclamos...Eu intento convencelos pero non me fan nen caso,, Iso anóxame moito! Urxentemente, precisamos a vosa axuda!*

*Lía Gigirei Reimóndez  
4º primaria.*

# A HISTORIA DE ENZO CASTRO.

*Érase unha vez un neno que lle gustaba o fútbol chamado Enzo Castro.*

*Enzo xogaba no Bandeira con 11 anos.*

*Un día o Celta de Vigo quería fichar e Enzo aceptou aos 14 anos.*

*Un día, 30 de setembro, subírono ao primeiro equipo do Celta, para ser o substituto de Iago Aspas. O primeiro partido que xogou foi contra o Deportivo da Coruña , un clásico galego. E marcou o seu primeiro GOL.*

*Rematou marcando 20 goles sendo o dianteiro titular.*

*Finalmente gañou a Liga co azulcelestes.*

*Enzo Castro Fernández*

*5º primaria.*

## A NENA QUE QUERÍA SER BRUXA.

*Fai moitos anos vivía unha nena chamada Clara. Ela sempre vía aos seus amigos e familiares facendo poción fabulosas entón ela quería ser como eles, unha bruxa. Un día, Clara pensou nunha idea para ser unha bruxa, que se facía a mellor poción do mundo sería a mellor. Foi onde estaban gardadas os mellores ingredientes colleu o po azul, a masa verde e a fariña rosa, xuntou todo pero fixo un gran desastre. A súa nai berroulle dicíndolle que tiña que practicar mais. A nai axudoulle e así Clara converteuse na mellor bruxa.*

*Elvira Valiña Sainz.*

*5º primaria.*

## MARTÍN E A CASA DE ANIMAIIS.

*Había unha vez unha casa ben grande na que vivían moitos animais e o seu dono Martín.*

*Pola mañá todos os días ía alimentar os seus animais. Despois marchaba traballar no seu coche azul. Unha fermosa tarde decatouse de que faltaba un cabalo. Buscouno por todos lados pero non o atopou. A Martín resultáballe moi raro que non volveuse a casa.*

*O final, resultou que estaba escondido na empresa do traballo do seu dono e a partir de alí o cabalo non volveu a escapar e pasaron a vida xuntos e moi alegres.*

*Jose Couto Gándara  
5º primaria.*

## A BAÑEIRA AZUL

*Marcos e un neno moi intranquilo, a súa hora favorita para se relaxar é a hora de bañarse na súa bañera azul. Da cal súa nai ten que estar sempre dicíndolle que acabe para saír e poder cear para ir a cama cedo.*

*Pero Marcos nunca acaba de bañarse porque espera todo o día para poder relaxarse na súa fantástica super bañera azul.*

*A nai xa cansada dille a Marcos que aínda se vai volver un peixe, e el encantado porque así da súa bañera azul pasaría o mar azul.*

*Adrián Albela Gao*

*5º primaria.*

## O MISTERO DO CAN AZUL

*Había unha vez un neno chamado Xoán que vivía co seu can Sol. Era un can branco e negro e moi cariñoso. Pero o día seguinte, cando Xoán espertou veu que o seu can era azul. Entón tivo que investigar por que cambiara de cor.*

*Chamou a varios veciños a ver se lle podían axudar a investigar este suceso. Ao final descubriron que o can era azul porque pola noite tirou un bote de pintura azul enriba de si mesmo. Entón ao fin viviron felices os dous xuntos.*

*Mario Couto Gándara*

*5º primaria.*

## A BICICLETA AZUL

*Eu teño unha bicicleta pero un ladrón roubouma de noite. Cando eu cheguei non a encontrei. Pola tarde vin ao ladrón que me roubou a bicicleta e fun correndo de tras de el, cando cheguei cerca del empuxoume e fun á casa triste.*

*Ao día seguinte apareceu a bicicleta cunha nota que dicía:*

*-Perdóame por roubarche a bicicleta, non hai escusa para o que fixen e levo no peito unha tristeza fonda que non me deixa en paz.*

*Ían Marco Meira Lissa.  
5º primaria.*

## A NENA E A COR AZUL

*Había unha vez unha nena chamada Luz. A Luz non lle gustaba nada o cor azul, dixo que lle parecía unha cor horrorosa.*

*Un día a nena foi co seu pai ao monte. E de súpeto, a cativa escoitou un ruído detrás dunhas árbores. Luz como era unha rapaza moi aventureira decidiu ir mirar que era aquilo. Cando chegou, viu un portal máxico. Luz como non, meteuse para ver que había dentro.*

*Cando se adentrou viu un mundo enteiro de azul.*

*E dende aí, Luz pensou que o azul non era unha cor horrible.*

*Sara Carballeda Alonso*

*6º primaria.*

## UN SOBRE AZUL

*Había unha vez un neno chamado Bruno. El e o seu amigo Julio pasaban todos os días xogando no parque. Unha tarde, mentres estaban na casa de Bruno, a súa nai recibiu unha mensaxe estraña: “Trae a Julio á casa, teño que dicirlle algo”. Cando chegaron, viron unha furgoneta branca diante da porta. A nai de Julio explicoulles que tiñan que marchar polo traballo do pai. Bruno quedou calado. Desde entón, cada semana recibía un sobre azul. Dentro, só había unha frase: “Bruno, Julio nunca te esquece”.*

*Adrián Cimadevila García  
6º primaria.*

## UN MARTES CALQUERA

*Hoxe parecía un día normal. Levanteime con sono e case perdo o bus. Cando saín da casa vin o ceo azul, quedei un segundo mirando para arriba. Non sei por que, pero iso relaxoume moito. No colexio todo foi máis ou menos como sempre: clases longas e ganas de volver á casa. Ao final do día pensei que, ás veces, non fai falta que pase nada especial para que un día sexa diferente.*

*Miguel Cimadevila García  
6º primaria.*

## LUCREIXA, A EXTRATERRESTRE AZUL

*No ano 4444 o día 4/4 naceu Lucreixa, ela era unha especie de marciana única, pero... por que era tan única? Pois porque era... AZUL! Un día cando tiña doce anos, preguntoulle a súa nai por que era desa cor. A súa nai (científica e gañadora de 5 premios Nobel), descubriu porque era azul; todo sucedeu cando ela naceu, uns humanos moi malos levárona para facer experimentos na zona 51 e cambiáronlle a cor mesturándoa con pintura violeta. E dende aquel día, Lucreixa entendeu que ser diferente é o que a fai única.*

*Celia Esperante Gulías  
6º primaria.*

## NON ME CHAMO NATALIA

*Era 28 de febreiro de 2022 e estaba nevando. Levaba unha bufanda azul. Era precioso.*

*Que pouco durou!*

*Estaba con Dimitry, meu irmán e, despois diso, non volveu a casa.*

*Empezaron a caer bombas, berros, estaba asustada.*

*Non lograba ver a miña casa ca neve, da igual canto chorara, ninguén me vería.*

*Lembraba a Dimitry murmurar o meu nome.*

*“Nataliya, fuxe, Nataliya. . .”*

*Un golpe deixou todo escuro.*

*Xa pasou moito tempo, tanto como 4 anos...*

*Agora, en España, chámome Natalia, pero ese nunca será o meu nome.*

*Candela Penide Martínez*


*6º primaria.*

03

DEBUXOS


---

# 4º EDUCACIÓN INFANTIL



*Aula 4º Ed. Infantil  
CEIP Plurilingüe de Oca*

# 5º-6º EDUCACIÓN INFANTIL



*Aula de 5º/6º Ed. Infantil  
CEIP Plurilingüe de Oca*

04

GAÑADOR@S

DOS

MICROPOEMAS

---

# A LÚA E O OURIZO

*A bruxa Caruxa  
foi mercar unha cabuxa  
fíxoselle de noite  
e perdeuse no monte.*

*A curuxa Manola  
moi sabia e mandona  
ensinoulle o camiño  
para volver pronto.*

*Sofía Canicoba Gestoso.*

*2º primaria.*

*Gañadora do 1º ciclo*

*Noite de prata,  
día de Gala,  
estrelas que visten con gravata!  
A lúa con velo de gasa,  
polo balcón do ceo,  
asómase e nos abraza!*

*Uxía Ferreiro Moure  
4º primaria  
Gañadora do 2º ciclo*

*A foliada é hoxe  
e nós imos bailar,  
cantar e tocar.  
Nesta noite estrelada  
iremos xogar e tamén soñar.*

*Festas que nunca rematan  
ritmos e cancións  
recordos que sempre permanecerán  
nos nosos corazóns.*

*Celia Esperante Gulías..*

*6º primaria.*

*Gañadora do 3º ciclo*

05

GAÑADOR@S

DOS

MICRORRELATOS

---

*A noite era moi escura e ademais era azul.  
Era rarísimo! O nunca visto! Había  
moitos animais moi raros como os mouchos  
vermellos ou as curuxas moradas. Despois  
chegou o día, e que pasaba? Que o día  
tamén era azul!*

*Ara Gigirei Reimondez.*

*2º primaria.*

*Gañadora do 1º ciclo*

# “O DRAGÓN”

*A Cloe encántalle o mundo da fantasía. Le moito, sobre todo, libros de seres máxicos. Esa noite non podía durmir. Viñanlle á imaxinación todos os contos que estivera lendo pola tarde na biblioteca do seu colexio. Fadas, ninfas, elfos... pero, sobre todo, lembrábase dun precioso dragón azul que aparecía nunha imaxe “tres D”, parecía real. De súpeto, escoita un forte ruído. Acércase á ventá e, alí, diante súa, estaba el, o dragón. Cloe achegouse e doulle agarimos na súa cabeza. Ao animal gustábanlle os aloumiños. Fixéronse amigos aínda que soamente fose neses maravillosos soños!*

*Erea Bernárdez González*

*4º primaria.*

*Gañador do 2º ciclo*

# O CEO DE MARÍA

*María ten doce anos. E é unha nena moi doce e amable.*

*No colexio desafortunadamente non é moi popular, todos se apartan dela como se non valesse nada. Vive nunha casa humilde cos seus pais. Non ten ningún amigo. María só ten un refuxio chamado o ceo, o ceo azul. Todos os días vai a un prado a merendar, alí déitase e pasa a tarde ata que chega a lúa. Se chove, María mira o ceo dende a súa ventá, dálle igual, ela é feliz.*

*Lara Fernández Louzao.*

*6º Primaria.*

*Gañador do 3º ciclo.*

A collection of pressed white flowers and green stems, likely snowdrops, arranged on a light background. The flowers are in various stages of bloom, some fully open and others as buds. The stems are long and thin, with some showing small green leaves. The overall composition is delicate and naturalistic.

CEIP PLURILINGÜE DE OCA  
XUÑO 26